

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC) da que forma parte o Grupo de Investigación Bienestar y Vida Activa en Contextos Educativos (en diante EUNOIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade da Coruña (UDC) coa participación do Grupo de Investigación Benestar y Vida Activa en Contextos Educativos (EUNOIA) nas accións dirixidas á loita contra o abandono escolar e a diminución do abandono educativo temperá.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que dediquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir *"apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas"*.

Que EUNOIA é un grupo de investigación pertencente a Universidade da Coruña sen ánimo de lucro, constituído por profesores e investigadores da UDC que se dedican ao exercicio e estudo da docencia na especialidade de benestar emocional, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) A Investigación sobre o benestar e a vida activa do alumnado e profesorado.



b) Incidir na mellora e eficacia dunha plena inclusión educativa en beneficio do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en particular, como do resto do alumnado en xeral.

Para levar a cabo estes fins, a Universidade da Coruña coa participación do grupo de investigación educativa EUNOIA prestará asesoramento na vertente pedagóxica, así como prestará a súa colaboración na difusión de información a través de estudos que resulten de interese para a comunidade tanto científica como educativa no marco do citado proxecto EdugallA.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da loita contra o abandono escolar e o abandono educativo temperá, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

